

LEI 20/2021 SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN: PUBLICACIÓN ASPIRANTES SUPERAN PROCESOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO P. FUNCIONARIO C2 (MANTEMENTO)

Santiago de Compostela 31/01/25

Publicada hoxe en DOG a Resolución que contén a relación de persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos polo sistema de concurso-oposición da Lei 20/2021 seguintes:

Resolución de corpos, escalas e especialidades do subgrupo C2:

Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial

[Escala auxiliar de mantemento](#)

A relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo publícase en:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos/consulta>

PRAZO E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO CASO DE QUE NON FOSEN XA PRESENTADOS OU VALIDADOS PREVIAMENTE:

- Copia auténtica do título exixido** na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.
- Informe sobre o estado de saúde** que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %** que superen o proceso selectivo deberán ademais acreditar, no caso de que coa solicitude se opuxesen á consulta, tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Xuventude e, de ser o caso, da Administración correspondente

PRAZO:

- De acordo co **informe do 9 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal**, sobre a aplicación da **tramitación de urxencia aos procesos selectivos de estabilización da Lei 20/2021**, conforme o **artigo 33.1. da Lei 39/2015**, as persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos disporán dun **prazo de 10 días hábiles, contados a partir do 01/02/25**.

RECURSO:

- Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (1 mes).

